

Reunión de COAGRET en Pamplona

10.000 PERSOAS MANIFESTANSE CONTRA O ENCORO DE ITOIZ

O sábado 23 de setembro tivo lugar en Pamplona unha manifestación contra o proxectado encoro de Itoiz, na que participaron colectivos procedentes de diferentes zonas do Estado Español, en protesta pola política hidrolóxica do goberno central e dalgúñas comunidades autónomas, baseada na construción de numerosos encoros e trasvases. Precisamente, o mesmo día pola mañá reunira-se en Pamplona a **Confederación de Afectados por Grandes Encoros e Trasmases (COAGRET)**, coa participación de afectados por Itoiz (Nafarroa), Recrecimiento de Yesa (Zaragoza), El Val (Zaragoza), Biscarrués (Huesca), Lechago (Teruel), a Coordinadora Aragonesa de Povos Afectados por Encoros (COAPE), a Coordinadora Antitrasvase do Ebro (Tarragona), afectados polo encoro de Navia (Lugo), así como expertos e representantes de diversos grupos ecoloxistas. Non obstante, COAGRET reúne neste momento a 45 colectivos afectados por infraestruturas deste tipo.

COAGRET manifesta-se contraria ao Plan hidrológico Nacional (PHN) por considera-lo desequilibrador, gravemente atentatorio contra o medio ambiente, antie-

conómico e cun importante coste social, basando-se mais na oferta do recurso que nunha demanda fundamentada. COAGRET considera-se fruto e consecuencia da aplicación da nefasta política hidrolóxica do Estado español, sendo o seu reto, precisamente, plantear iniciativas que nos leven a un sustancial cambio que, mais tarde o mais cedo, ha de producir-se en dita política.

Na Galiza estamos a sufrir tamén unha forte presión para a construción de novos encoros, algúns programados xá polo franquismo como é o caso do de Navia e do de Sela, e outros moitos encadrados nos novos Plans Hidrolóxicos de Conca, de autoría do ministerio no caso do Sil-Miño e da Xunta no caso de Galiza-Costa. É de esperar que esta problemática arrégue nos próximos anos, pero xá neste momento existen movementos veciñais contrarios a construción dun encoro no Umia (Caldas de Reis), que se ven a sumar aos de Navía e Baixo Miño.

FALLO XUDICIAL EN CONTRA DO ENCORO DE ITOIZ

Por outro lado, a Audiencia Nacional fallou a favor dos demandantes contra a construción do Encoro de Itoiz, ao achar que diversas actuacións da administración nese tema non se axustan ao dereito ambiental e administrativo vixente. A construción do encoro tiña sido denunciada asimesmo ante a Comisión Europea, que decidira porén arquivala. A sentenza chega cando xá se leva gastado nas obras do encoro uns 7.000 millóns de pesetas, polo que a coordinadora de Itoiz decidiu solicitar a **dimisión do ministro** de Obras Públicas, Transporte e Medio Ambiente, José Borrell.

Información: Patxi Gorraiz Etxamendi. Apdo. de Correos nº 25, 31430-Aoiz (Nafarroa). Tel e fax. 948-336575

